



“X PLENO DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS”
Xoves 28 e venres 29 de xuño de 2012.
Santiago de Compostela.

RELATORIO SOBRE POLITICAS SOCIO ASISTENCIAIS

A fin de ilustrar o relatorio relativo a políticas socio-asistenciais, nada mellor que coñecer as experiencias vividas por entidades galegas, cunha longa historia de traballo e dedicación dirixidos ao fomento de tales políticas. Do coñecemento destas “experiencias vitais”, do seu compartido comentario e da súa análise, é seguro que surdirán o debate e as conclusións mellor cimentadas.

Trátase de coñecer as motivacións que animaron aos seus fundadores, os obxectivos marcados, os seus modelos de xestión e os logros alcanzados. A historia destas entidades no foi sempre fácil, pero o tesón, a capacidade de traballo e, por que non decilo, a bondade y xenerosidade dos responsables que desde os seus inicios dirixiron o timón de cada unha delas, sempre souberon atopar o mellor camiño.

Históricamente, os galegos residentes no exterior, tiveron acceso nos principais destinos da nosa emigración a: institucións asociativas de recreo, culturais, deportivas, ... pero tamén a outras, en ocasións non exentas a éstas, donde recibir atención socio-asistencial e sanitaria. Refírome a sanatorios, hospitais, centros de día ou asilos, donde conseguir uns servizos aos que doutro xeito teríamos un difícil acceso.

A través deste relatorio, coñeceremos de man dos seus responsables a traxectoria dalgunhas das mais representativas institucións galegas do exterior adicadas a tales fins:

- Casa de Galicia de Montevideo, como exemplo de sanatorio multidisciplinar
- Hogar Gallego para Ancianos de Buenos Aires e
- Asociación Recreio dos Anciaos de Río de Janeiro, como xeriátrico e asilo dirixido a dar cobertura a outro tipo de servizos.

Permítanme que, previamente a elo, realice algunhas reflexións sobre o terceiro pilar que sustenta as mencionadas políticas asistenciais e socio-sanitarias. Refírome á importante laboura que ofrecen os centros de día.

OS CENTROS DE DIA NAS COMUNIDADES GALEGAS DE AMERICA.

Unha grande parte do asociacionismo que a emigración galega desenvolveu perante o século pasado, sobre todo en América, foi o encamiñado a labor de “protección” dos paisanos que por distintas causas se atopaban en situacións de necesidade: hospitais, residencias, ambulatorios, panteóns ou asociacións de beneficencia e socorros mutuos, foron levantados por senlleiros personaxes da emigración naquelas comunidades nas que se concentraron a meirande parte dos nosos antepasados, e nas que por ende, se atopaban moitos galegos que precisaban da solidariedade e da axuda dos demais.

A partires do inicio do presente século e como consecuencia do progresivo envellecemento de gran parte das colonias de emigrantes, da muda das formas tradicionais da vida familiar e do empobrecemento dalgunhas das nacións de acollida que orixinou importantes carencias nos sistemas públicos de protección, xeráronse, con grande frecuencia en moitas das persoas maiores destes colectivos, graves situacións de carencia, de protección familiar, de soidade, de



exclusión social e fragilidade vital ou simplemente de ausencia de falla de relación con outras persoas. En resposta a estas circunstancias, algunhas das grandes casas de Galicia en América, puxeron en funcionamento os Centros de Día, ofrecendo un novo servizo dirixido a preservar e mellorar a calidade de vida dos maiores, con carácter beneficente e asistencial.

Na actualidade funcionan catro centros de día. Están radicados en: Brasil –Casa de España, Peña Galega de Río-; Venezuela – Hermandad Gallega de Venezuela e Hermandad Gallega de Valencia- e Arxentina –Centro Gallego Mar del Plata-.

Características comúns dos centros de día.

Que é un Centro de Día.

- Lugar non residencial no que se cubren necesidades básicas de persoas maiores nas áreas terapéutica e social, con carácter preventivo, a traveso dun programa de asistencia regradada e profesional.

Obxectivos.

- Mellorar a calidade de vida dos emigrantes maiores, protexelos e facilitala súa inclusión social a través da convivencia con outras persoas afíns.
- Posibilitar a conciliación co seu entorno familiar.

Participantes.

- Persoas maiores, normalmente a partir de 65 anos de idade, emigrantes galegos ou descendentes na súa maioría, socios ou non da entidade, segundo os casos.
- Deben ser auto válidos.
- Poden ser persoas necesitadas economicamente ou non.
- Adoitan conformar grupos de 45/50 participantes por centro de día. En Río de Janeiro participan ata 200 maiores.

Funcionamento.

- Nacen a iniciativa e ao cargo dunha sociedade matriz.
- Dispoñen de instalacións e equipamentos específicos na propia sociedade.
- Economicamente susténtanse polas propias entidades matrices (30/50%), polos usuarios (0/15%), polas axudas da Xunta de Galicia (30/50%) e puntualmente e en menores porcentaxes, por outras institucións (Ministerio de Traballo, Deputacións..).
- O custe ordinario por persoa/día -sen contar amortizacións de instalacións e equipamentos-, e dunha media de 7/10 €, ao cambio,(entre os 3/4 € de Río e os 25/30€ de Mar del Plata). Adoitan ter carácter gratuíto, nalgún centro segundo as posibilidades económicas de cada persoa, poden ter establecidos copagos por algún servizo como o xantar, medicamentos...
- Os centros contan con profesionais cualificados que dan servizos específicos por áreas: Asistente social, Servizo Médico, Dietista, Fisioterapeuta, Técnicos de obradoiros ocupacionais, de animación, sociocultural e de actividade física. Nalgún centro colaboran socios da entidade como voluntarios nas actividades.
- Desenvolven un horario continuo de Luns a Venres. Xeralmente de 08/09 hs.a.m., a 16/17 hs., p.m. cun programa de actividades axeitado para este colectivo.
- En todos os centros ofrécese o xantar no propio centro.
- En todos, préstase axuda individual as persoas que o necesitan para a merca de medicamentos ou de produtos de primeira necesidade.



Outras consideracións.

- Este tipo de “servizos”, poden considerarse como accións que permitan e xustifiquen a continuidade de moitas asociacións de emigrantes que sendo creadas no seu tempo con outros fins, están a esmorecer hoxe en día pola lóxica perda de pulo das xeracións fundadoras.
- Os centros de día son actividades complementarias que por si mesmas non xustifican a vida dunha sociedade, pero échenas e pode darlles contido nunha franxa horaria na cos centros, xeralmente, teñen pouca actividade.
- As novas iniciativas de posta en marcha de centros de día, deben axeitarse as realidades sociais y económicas da contorna na que están asentados e as do colectivo ao que se dirixen. E moi conveniente contar coa experiencia doutros centros galegos nos que xa están a funcionar.
- A súa creación debe ir aparelada cunha valoración da capacidade de xerar o orzamento necesario e do “custe de retirada”, co fin de non comprometer a entidade matriz. E aconsellable co centro de día conte con funcionamento, persoal e presuposto propio, diferenciado do xeral da entidade. O ser unha actividade moi condicionada por variables que poden mudar de un ano para outro – nº de solicitantes, capacidade económica, situación da sociedade matriz ou do propio país...-, débese prever o tipo de relación contractual co persoal específico do centro de día. De feito, na actualidade, hai varios centros de día “durmintes”, que funcionaron algúns anos e por distintas causas están sen actividade esperando outros tempos.

*Subdirección Xeral de Programas Sociais
Secretaría Xeral da Emigración*

CASA DE GALICIA – MONTEVIDEO – URUGUAY

Casa de Galicia viu a luz un afastado 17 de outubro de 1917.

679 galegos e 4 uruguaiois deron vida á que, co tempo, se transformaría na institución galega máis grande do mundo da emigración.

Foi un emigrante pontevedrés - máis concretamente da vila de Baiona, quen con decisión para afrontar os problemas, con ideas novas e con moito orgullo e traballo forxou a nova institución, nacida dunha "alborada".

Grande é a historia transcorrida durante estes anos desde aquel 1917.

Desde a Xunta Directiva presidida por Don Marcial Yáñez e con José María Barreiro como secretario, ata a actual, presidida por Manuel Ramos, sucedéronse innumerables gobernos con centenaes de emigrantes, que deixaron o mellor de seu, en prol da construción dunha sociedade na cal identificarse.

A secuencia do noso crecemento.

En 1919 a Quinta de Saúde, e en 1936 o agora Sanatorio Vello, no ano 1943 a colocación da Pedra Fundamental do maxestoso Sanatorio, que comezou a construírse a finais de 1959, para que en 1967 se inaugurasen os primeiros servizos, e recibise o primeiro paciente internado en 1973.

Pasaba o tempo e Casa de Galicia crecía sen cesar.



Inauguraba o seu Panteón Social no Cemiterio do Norte alá por 1964 e ampliaba aínda máis o seu Sanatorio en 1985.

No devir do tempo inaugura as súas Policlínicas Centrais na década do 50, e logo varias policlínicas diseminadas estratéxicamente por diferentes barrios montevidéanos.

Numerosas personalidades pasaron pola nosa institución. Dúas señeras: A Raíña Sofía e Alfonso R. Castelao. Máis dunha xeración de políticos, intelectuais e artistas estamparon as súas firmas no noso Libro de Ouro que coidamos con orgullo.

Pero Casa de Galicia non só fora concibida para o coidado da saúde. Montara unha escola de ensino para instruír aquel galego que viña emigrado, que, con diferentes disciplinas se mantén ata os nosos días: é o Instituto Manuel Curros Enriquez.

Pero á súa vez había lugar para o ocio e o lecer e entón na "Quinta" da Casa de Galicia, xeracións de españois gozaron de reunións ao son das diferentes músicas sen faltar as tradicionais.

Tampouco descoidamos as nosas raíces e o folclore, as danzas e a gaita sempre ocuparon un lugar preponderante dos nosos cursos e as nosas ensinanzas.

O ballet folclórico "Obradoiro" paseou a súa arte por numerosos puntos do país, e en Galicia participou sempre do "Día da Galicia Exterior".

Tales son, en apertada síntese, algúns acontecementos desta institución ao longo da súa rica historia, institución que o próximo 17 de outubro cumprirá 95 anos de incesantes logros para beneplácito de España e de Galicia.

Política socio-asistencial.

A nosa política socio-asistencial, responde á súa denominación e á inspiración dos seus fundadores, unha sociedade eminentemente galega que obedece practicamente a un mandato da historia mesma da Institución, que na súa xénese nos marcaba o camiño:

Fomentar a unión entre os galegos e os seus descendentes, proporcionar aos seus asociados beneficencia, instrución, festas, traballo e ASISTENCIA MÉDICA, isto último co devir dos anos, transformouse na súa principal actividade, sendo un centro de referencia no Uruguai que a distingue pola súa alta cualificación, transformándose ademais na institución galega máis grande do mundo da emigración.

Pero aínda na armazón da asistencia sanitaria, a ciencia e a tecnoloxía, nunca nos desprendemos de honrar a Galicia e fomentar o seu coñecemento, a enaltecer os seus valores e as súas personalidades, a procurar o benestar da colectividade, defendela cando for necesario e apoiar calquera acción que se emprenda a favor de Galicia.

Breve descrición do funcionamento.

A soberanía da institución radica nos asociados reunidos en Asemblea Xeral.

Á súa vez os asociados delegan nunha Xunta Directiva, unha comisión Fiscal, unha Xunta Electoral e nunha Asemblea Representativa de acordo ás súas respectivas competencias.

Tres comisións funcionan na órbita da Xunta Directiva que asesoran a esta nas súas respectivas materias: Cultura, Obras e Sanidade.



A Xunta Directiva ostenta a representación oficial da institución e a administración dos seus bens con todas as prerrogativas e atribucións que iso

leva consigo. Administración, disposición e contratación, salvo o que en forma expresa é competencia doutro órgano de dirección segundo o marca o Estatuto Social.

A Comisión Fiscal ten a responsabilidade de examinar a contabilidade, os balances, producir informes sobre movementos de fondos, balances e xestión.

A Xunta Electoral presidirá as eleccións cada tres anos e todo o que o acto electoral leva consigo.

Tamén poderá asumir a dirección da sociedade por renuncia total ou acefalia da Xunta Directiva por non máis de 30 días onde deberá convocar eleccións extraordinarias.

A Asemblea Representativa é elixida conxuntamente coa Xunta Directiva e estará composta por 150 representantes.

Ten entre outras atribucións aprobar ou rexeitar o balance, considerar os plans da Xunta Directiva, interpretar o Estatuto Social se así llo requirise, etc.

Financiamento.

A forma en que se financia a nosa Institución é sobre a base de tres ingresos fundamentais:

- 1) Mediante unha cota de pre pagamento dos socios particulares, tickets asistenciais de medicinas e exames médicos.
- 2) A través do pagamento que realiza o FO.NA.SA (Fondo Nacional de Saúde), prestador público que administra os recursos asignados á seguridade en saúde dos afiliados activos (traballadores) e fillos de traballadores, xubilados e pensionistas amparados por este fondo.
- 3) Mediante venda de Servizos Sanitarios a institucións e particulares que o soliciten.

Temos como ingresos extraordinarios moi importantes que se destinan á atención dos socios emigrantes que así o requiran, e á nosa contribución ao Fogar Español de Anciáns do Uruguai, as subvencións da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Emigración, dos seus programas destinados á Galicia do Exterior, e nalgunhas oportunidades das Deputacións Provinciais e noutras do Ministerio de Emprego e Inmigración.

Casa de Galicia de Montevideo. Uruguay.



HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS. BOS AIRES. ARXENTINA

Breve historia da entidade.

O Hogar Gallego para Ancianos, Fogar Galego para Ancians, basea as súas actuacións no respecto ás persoas maiores e os seus dereitos, dignidade, libre elección, satisfacción e cordialidade; e nace da xenerosidade dun grupo de persoas que con dedicación e compromiso traballaron para brindar unha resposta a graves problemas que debían afrontar as persoas maiores.

Esas foron as premisas dun grupo de persoas da colectividade galega que decidiu facelas realidade fundando este Fogar no ano 1943 para brindar apoio a aqueles anciáns carentes de recursos e agora, a actual Comisión Directiva segue rexendo os seus destinos co mesmo desexo de traballar pola ancianidade.

A idea de crear unha casa de recollemento e amparo para os anciáns desprotexidos foi de catro galegos conmovidos pola triste noticia da morte dunha anciá ourensá a causa do frío. Estes catro ilustres paisanos eran Horacio Bermudez Abente, Miguel Portela, Luis Seoane e Gumersindo Sánchez Guisande

Outros homes nados para o ben sumáronse nesta primeira etapa Arturo Cuadrado e os irmáns Emilio e Jacobo Andre, tamén o fixeron Manuel Roel, o escultor Domingo Maza, Bernardo González Rey, Sergio Riveiro, Santiago González, Manuel Peón, Antonio Carballo, Francisco Blanco, e Miguel Salgues que se fixo cargo da secretaria administrativa para cuxa instalación o Señor Portela obsequio os mobles e Don Jacobo Andre solucionou os primeiros gastos. Pero eran necesarias máis vontades para sumar esforzo e así naceu a comisión de Damas, un grupo de mulleres galegas, que percorreron as rúas de Bos Aires visitando familias e empresas en busca de asociados e donativos para o equipamento deste Fogar.

A compra dun soar onde instalar o Fogar tivo ao principio algunhas dificultades., preto de capital non se encontrou nada e finalmente se opto por Domselaar. O primeiro fogar consistiu na antiga vivenda do encargado catro dormitorios e un baño para os homes mentres que para as Señoras se habilitara a vivenda que pertenceu ao Administrador, edificio que actualmente se coñece como o Fogar Vello.

A partir de aí o Fogar foi crescendo, xa no ano 1947 o proxecto de obra estaba aprobado, cabe recordar que a pedra fundamental para levantar o actual edificio se colocou en 1954 aínda que as obras se iniciaron en 1957. A Residencia como actualmente se lle coñece foi agrandando as súas instalacións, a fins do ano 1995 contratáronse novos traballos para a realización dun novo salón de usos múltiples, biblioteca, baños públicos e dormitorios con baño privado, os traballos de obras e mantemento son permanentes.

Cando unha persoa chega aos 65 anos logo de transitar toda unha vida de traballo e sacrificio con acertos e desacertos con situacións favorables e outras non tanto, chega o momento de retirarse da actividade laboral, para poder gozar do tempo libre, da familia, os amigos etc. Todo isto cun sistema de xubilación que lle permita vivir dignamente e un sistema de saúde e protección acorde ás súas necesidades. En teoría, porque na práctica isto non sucede.

Na Arxentina falar de vellez é falar dun sen fin de problemas, pero o maior problema que deben afrontar é o económico, as xubilacións insuficientes para poder vivir dignamente, o temor a ser unha carga para a familia, e noutros casos a pouca esperanza de que a súa familia os axude, xa que todos están na mesma situación de necesidade.

Os avós non deben enfrontarse unicamente a estas adversidades, senón que a elas se lle suma problemas administrativos aos que se deben enfrontar, caixeiros automáticos para o cobramento



de xubilacións e pensións, longas colas para tramitar queudas médicas a longo prazo, un sistema sanitario colapsado, falta de centros para a terceira idade,... envellecer convértese nunha pesada carga sen contar os problemas de saúde que os afectan como a deterioración cognitiva e os problemas de comportamento que del se derivan, a depresión causante de gran sufrimento, a perda de familiares e amigos, problemas de mobilidade, de nutrición producen deterioracións no estado físico. A nivel social, os novos valores como o culto á xuventude, a actualidade, a desintegración da familia, a perda de valores marxina en tódolos ordenes da vida ao anciá, e produce unha deterioración da estima social.

"O señor Simeón de Pablo, español, afirma encontrarse moi ben de saúde, a pesar diso obsérvase ao longo da conversación constante incongruencias, sospeitándose unha fase inicial de demencia senil ou Alzheimer, de boa mobilidade, desprázase de xeito autónomo. Reside actualmente nun improvisado cuarto, facilitado pola boa vontade duns coñecidos sen responsabilidade familiar ningunha, e cuxas condicións de vida son realmente moi humildes, encóntrase debaixo dunhas escaleiras, nunha cama feita con madeira e cunha parede con numerosos danos, humidades e sen porta. É o único lugar da vivenda na que lle puideron habilitar un espazo, xa que o resto da casa se compón dun cuarto dividido en dous por un armario, un comedor, cociña e baño. Él carece de propiedade actualmente.

Simeón é viúvo dende hai moitos anos e sen fillos que poidan ocuparse del.

Afirma ter dous irmáns en Bos Aires, e outros tres en España, aínda que descoñece se continúan vivos e cos que non mantén ningún tipo de contacto. Ademais ten un sobriño co que mantivo unha boa relación ata hai pouco tempo, pero este botouno da súa vivenda e despreocupouse del. Pódese afirmar que se encontra sen ningún tipo de apoio familiar.

Observacións e avaliación.

Se cree ena base ao referido por Simeón, que o seu sobriño, é o apoderado da súa Pensión Económica por Ancianidade, a cal esta paralizada temporalmente á espera de aclarar quen estivo cobrando por Simeón durante os dous últimos anos, posto que o propio pensionista afirma non ter recibido nada de diñeiro.

A situación cos donos da vivenda é moi tensa xa que dependen economicamente do que él obteña traballando como taxista e actualmente non pode traballar xa que ten que ocuparse dos seus tres fillos, a súa muller embarazada e de Simeón. Ante iso presentouse no Consulado Español con Simeón coa intención de que lle deamos unha alternativa porque realmente non pode manter este home no seu domicilio. A situación agrávase posto que Simeón perdeu todos os seus documentos e actualmente o DNI arxentino se encontra en trámite e o pasaporte Español foi obtido recentemente.

Considérase extremadamente urxente o ingreso de Simeón nun Centro Xeriátrico posto que decidiron mantelo ata que busquemos unha solución inmediata, e se non deixarano na rúa segundo asegura textualmente".

Outro caso presentado pola Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires é sobre o señor Benito Santos Vázquez, transcribimos a continuación a historia social do caso.

"O día 22 de xullo concórrese ao Instituto do Queimado, efectuándose a entrevista ao Sr. Benito Santos Vázquez, de 82 anos, nativo de San Pedro de la Mezquita, concello da Merca, provincia de Ourense, estando presente nesta, a súa sobriña neta Sr.a Mirta Prieto.

O señor Santos Vázquez é de estado civil solteiro, e non ten fillos. Os seus únicos familiares afastados son un primo: Carlos Alberto Santos e a súa sobriña neta, Mirta, cos cales se vinculaba de xeito esporádico. Mirta refire que Benito, anterior ao accidente, vivía de xeito moi precario e con moitas limitacións nunha casa no barrio Agustín Ferrari da localidade de



Merlo, concorrendo diariamente ao comedor comunitario da Parroquia San Pablo, recibindo o apoio e contención do pai desta.

O señor Santos Vázquez non ten ingresos, non percibe xubilación nin pensión da arxentina, nin tampouco recibe a pensión asistencial por anciandade do Estado Español, debido a que non se presentou a efectuar o trámite que lle corresponde. Non actualizou o pasaporte nin tampouco realizou o trámite correspondente para obter o DNI arxentino para estranxeiro.

O 7 de xuño o Señor sufriu un accidente no seu hábitat, queimouse cun braseiro e produto diso sufriu queimaduras considerables no pé dereito, debeu ser internado no hospital Provincial Eva Perón de Merlo, onde lle efectuaron enxertos, estes remataron en rexeitamentos e infeccións. Ante a indicación médica de amputación da perna, decídese o traslado a un Hospital especializado; Instituto do Queimado dende o 18/07, onde esta recibindo o tratamento correspondente, sendo o prognóstico bo, dado que os enxertos prenderon, estando actualmente en etapa de rehabilitación, con evolución favorable, proxectándose proximamente a súa alta.

O seu anterior lugar de residencia é sumamente precario e marxinal, representando un alto risco, sumado á súa condición de dependencia e vulnerabilidade social, por tal motivo faise indispensable internar ao Señor Santos Vázquez nun fogar xeriátrico, onde recibiría a atención e coidados que necesita.

Tendo en conta a situación de dependencia e vulnerabilidade social en que se atopa o Señor Benito Santos Vázquez, sumado á precariedade e marxinalidade en que vive e encontrándose en estado de carencia económica, se estima que resulta imprescindible a seu internamento xeriátrico no Fogar Galego para Anciáns onde recibía a contención, atención e coidados que necesita, indispensable para unha mellor calidade de vida”.

O Fogar Galego para Anciáns cando recibe este tipo de solicitudes articula todos os mecanismos necesarios para o inmediato ingreso, ambulancia, médicos, etc. E realiza todo un conxunto de accións tendentes a mellorar e modificar as circunstancias de carácter social (xestión de xubilacións, pensións asistenciais, obtención de documentación etc.) como de protección física, mental, e social dos avós en estado de necesidade, indefensión, desvantaxe física e mental, mellorando a calidade de vida dos adultos maiores.

Sen ter que chegar a casos tan extremos, de situación de rúa, maltrato.. Moitos familiares á hora de ter que elixir, deciden que o Fogar Galego para Anciáns, é sempre a mellor opción. É aí onde a nosa Residencia de Domselaar toma gran protagonismo dando solución a un importante número de pedidos de españois e galegos que chegan a nós buscando un lugar digno onde vivir. Os coidadores non son un sector que se adoita ter en conta polas familias, xa que moitas veces en lugar de dar unha resposta satisfactoria suma un problema, a falta de persoal capacitado para a devandita tarefa, xa que moitos o utiliza como unha saída laboral, sen estar preparado, ao cal sobreveñen os maltratos, insultos, e outros problemas como roubos, etc.

Os xeriátricos privados son impensados para aqueles que só cobran xubilacións mínimas e os de Pami son os lugares menos elixidos.

Descrición do funcionamento.

O Fogar Galego para Anciáns conta cun grande equipo humano encabezado por unha administradora a Señora Cristina Pérez en quen confiamos o correcto funcionamento da Residencia. Presente en todo momento, para atender e dar solucións a pequenos e grandes problemas. Sabemos que o Fogar é a súa principal preocupación e pon o seu maior empeño para garantir o cumprimento dos nosos obxectivos. Conta para iso coa importante colaboración de médicos, Dr. Néstor O. Micchia xerontólogo, e Dr. Guillermo Gaetani, médico clínico, e o Dr. Jorge Beccia Psiquiatra os que teñen a importante tarefa de realizar periodicamente o control do



estado físico e mental de saúde dos avós. Ademais atende as demandas dos residentes ante calquera emerxencia ou imprevistos que poidan xurdir, e elabora as historias clínicas de ingreso dos avós.

Servizo de enfermaría e 26 persoas que teñen ao seu cargo as tarefas de manter a hixiene e o coidado tanto dos avós coma do lugar. Conta tamén cun equipo interdisciplinario, psicóloga, asistente social, e terapéutica ocupacional, os cales realizan actividades co fin de lograr a maior independencia nas actividades de automantemento produtividade e de espaxamento. Unha nutricionista quen supervisa e elabora un variado plan alimentario de acordo ás necesidades e requirimento médico de cada avó; e dúas cocineiras que levan a cabo a devandita tarefa. A este criadeiro de xente hai que sumarlle o persoal de mantemento e administrativo. Construída nun predio de 33 hectáreas, rodeado de parques e xardíns, edificado nunha soa planta, de estilo colonial conta con amplos cuartos dobres e tripes con baño privado, amplas galerías e patios internos onde a natureza é parte fundamental de toda a Residencia. Todas as instalacións están pensadas para o confort e benestar dos residentes.

Actualmente temos aloxados 120 anciáns dos cales 101 son españois, e dos cales 88 son galegos, todos eles viven con todas as súas necesidades atendidas.

Financiamento.

Manter todo esta estrutura sen baixar o nivel de atención senón polo contrario intentar día a día mellorar a calidade de vida, require non só da calidade humana senón de recursos económicos abondo para facer fronte aos numerosos gastos que senón fose polas achegas económicas que recibimos de España a través da Xunta de Galicia, e do Goberno Central, das deputacións da Coruña e Pontevedra non sería posible.

Os Soldos do persoal, honorarios médicos, cargas sociais, son os gastos mais significativos, pero sumados a gastos de comedor, farmacia e laboratorio, recolección de residuos patolóxicos, gastos de mantemento da Residencia, automotores, combustible, seguros, gastos de servizos luz, gas, telecomunicacións, impostos, gastos administrativos, etc, fan que os ingresos provenientes das achegas dos residentes, cotas dos asociados, festivais que se realizan co fin de recadar fondos, sexan insuficientes.

Os programas de axudas, os convenios de colaboración, son os ingresos que complementan e fan posible o funcionamento deste Fogar, así como tamén a realización de melloras e equipamento.

Por tal motivo o Fogar Galego para Anciáns agradece a confianza na nosa administración, as axudas económicas recibidas, esperando síanos acompañando, como ata agora, nesta nobre misión.

Hogar Gallego para Ancianos de Buenos Aires. Argentina



ASOCIACIÓN RECREIO DOS ANCIAOS. RIO DE JANEIRO. BRASIL.

Introdución:

Preparando as palabras sobre a Asociación do Recreio dos Anciáns que debería pronunciar neste importante X Pleno do Consello de Comunidades Galegas, propúxenme describirla, por riba de todo, como unha entidade filantrópica. E ao enfocala deste xeito, decateime de que, de feito, nos seus 72 anos de existencia, a pesar de todos os conseguíntes cambios de xeracións, gobernos ou tecnoloxías, esta entidade nunca perdeu a esencia con que foi fundada: a convicción do traballo en beneficio dos demais.

Fundación:

Fundada o 20 de marzo de 1940 por un grupo de inmigrantes españois residentes na cidade de Río de Janeiro, a Asociación tivo naquel tempo a Manuel Barreiro Cavanelas como a súa figura máis destacada. Propietario do terreo no que se encontra a Asociación -no barrio de Tijuca- foi el quen ideou o proxecto, e dende o principio tivo a certeza de que o destino daquel lugar sería a construción dunha casa de amparo para os anciáns necesitados. E, en efecto, o terreo tiña as calidades apropiadas para albergar unha casa para a terceira idade: situado nun dos lugares máis bucólicos da cidade, a poucos quilómetros da Foresta de Tijuca (o maior bosque urbano do mundo), o terreo formaba parte dun verdadeiro refuxio arborado, nun medioambiente saudable, distante dos buliciosos centros comerciais.

Pero Cavanelas non era apenas un soñador. Era un home de negocios, e sabía perfectamente como levar a cabo os seus proxectos.

Nacido en Laxedo (Pontevedra), Cavanelas creceu coa súa familia nunha pequeno pobo chamado Coveo. Tras a morte do seu pai, viuse obrigado a emigrar en busca de traballo, como tantos e tantos galegos de finais do século XIX. Elixindo como destino a cidade de Río de Janeiro, emigrou con apenas 16 anos, só, chegando alí con escasos recursos, poñéndose a traballar realizando pequenos servizos nos arredores do porto carioca. Ademais de soportar toda a dureza propia da inmigración (daquel tempo e tamén do noso), Cavanelas soubo tirar proveito das oportunidades que se lle presentaron e pronto se asociou con novos amigos do ramo das lotarías. Fíxose vendedor autónomo de billetes de lotaría, e en pouco tempo estivo á fronte da súa propia axencia. De aí en diante, soubo aplicar os seus recursos en diferentes ramos do comercio, atento ao ambiente propicio da cidade que elixira. O comercio en Río de Janeiro crecía e fortalecíase mentres se sucedían importantes cambios históricos: o fin da escravitude, a Proclamación da República, e a elección de Río de Janeiro como capital do estado.

Pero a historia persoal de Cavanelas non só é importante para a historia do Recreio dos Anciáns en razón da elección do terreo: hai moito máis. Hai unha inusitada lóxica que só comprendemos ao analizar a vida de Cavanelas como un todo.

Tras un período de prosperidade, Cavanelas, que vivía en Río en compañía do seu irmán menor, Miguel, e que perdera a súa nai antes de poder volver a Galicia para vela, regresou á súa localidade natal para organizar o patrimonio da familia, e non tardou moito en regresar de novo a Brasil.

Na primeira década do século XX, non obstante, Cavanelas instalouse en Coveo co entusiasmo emprendedor típico do emigrante a que nunca se esquece a súa xente nin da súa terra de orixe. Imbuído do espírito racionalista, e defensor do progreso e da ordenación do espazo público en voga entón nas principais capitais americanas, investiu en obras que tiñan por fin lograr mellorías na educación, facendo realidade o Grupo Escolar Manuel Barreiro Cavanelas; viaxou por Europa buscando novidades nas grandes capitais coa intención de perfeccionar os seus coñecementos, pero co estalido da Primeira Guerra Mundial houbo de regresar a Covelo, onde



se dedicou con entusiasmo á dirección da escola. Neste período, a súa fama chegou máis alá do seu pobo grazas ás súas actividades filantrópicas, como as que realizou no Asilo e no propio Hospital de Pontevedra.

En 1922, regresou a Brasil sen que se lle esquece o colexio de Covelo nin deixar de realizar outras mellorías no seu pobo. Non obstante, foi só en 1930 cando ideou o seu proxecto máis ambicioso: debuxou un bosquejo co plano do barrio de Laxedo, creando un proxecto urbanístico, organizado co trazado de rúas e prazas, mediante o cal unificaba as aldeas de arriba, de abaixo, e de máis alá do Campo. No proxecto, estableceu plans que favorecían a infraestrutura desta zona. Para rematar esta "obra", deixou nunha esquina do esbozo principal unha nota aclaratoria: "A miña obra foi feita para instruír, aumentar o barrio e facer construcións para ligalas a outras que existían illadas e dar casa aos anciáns".

Considerando que Cavanelas pasou os seus últimos anos no Recreo dos Anciáns, onde falecería o 22 de agosto de 1950, sacamos como conclusión que toda a súa vida filantrópica foi, en realidade, a idealización das distintas etapas da propia vida dos homes: investiu primeiro na educación dos nenos da súa terra natal, a continuación, na vida adulta daqueles que necesitaban dun ambiente propicio para prosperar minimamente, e, por fin, nunha casa moi coidada para os maiores na cidade que adoptou como súa.

A pesar da distancia de todo un mar no medio, a Cavanelas sempre se lle sentiu moi preto dos seus emprendimentos, e el viviría intensamente cada etapa desta traxectoria filantrópica. Deste xeito, para os que dedicamos o noso tempo ao Recreo dos Anciáns, a historia de Cavanelas proporciónanos un estímulo e confianza constantes para dar continuidade ao seu traballo.

En entrevista á Revista da Asociación dous anos antes de falecer, deixou constancia da súa célebre frase: "Experimentei na vida a felicidade de volver ser pobre".

Cavanelas doou todos os seus bens á Asociación do Recreo dos Anciáns.

A Casa.

Dende a súa Fundación nos anos 40 do século pasado ata os días de hoxe, a Asociación, tamén coñecida como Residencia Santiago Apóstol, sempre foi moito máis que unha residencia de anciáns. É un lugar que dá prioridade á continuación da vida, respectando e tendo consideración polo perfil do seu público: señoras e señores que necesitan de coidados específicos e de benestar xeral. É dicir, que requiren estímulos sociais, físicos e ata produtivos -como calquera persoa adulta-, pero en circunstancias específicas, que teñan en conta a realidade das persoas de máis idade, os seus límites e desafíos. Un excelente exemplo de contribución produtiva, libre de obrigas, déunolo, polo pronto, o propio fundador. Mentres viviu na casa, produciu innumerables bastóns, artesanalmente coidados e elaborados, e doounos aos anciáns compañeiros que os necesitaban para desprazarse. Algúns deles, mesmo, aínda se encontran conservados no Museo que a Asociación construíu e preserva dentro da propia Residencia Santiago Apóstol.

Atrévome a dicir que o residente é, de feito, o maior patrimonio da Asociación. E hai que destacar que esa inclinación non é, para o Recreo, "propia dos tempos que corren", froito da actualidade na que tanto se fala a favor dos maiores, debido á conciencia do aumento da esperanza de vida no mundo. Antes ben, se mesmo nestas condicións favorables, o traballo en beneficio dos maiores aínda reclama moita atención, imaxinen que innovador e emprendedor non foi crear unha casa específica para anciáns a mediados do século pasado, cando a esperanza de vida era moito menor; cando as familias albergaban aos maiores nas súas propias casas á espera do fin - a miúdo sen recursos nin boas condicións para facelo; e cando, mesmo, era común internar os anciáns en hospitais psiquiátricos ou en ás específicas de Hospitais Xerais.



Apostar nunha casa para que a persoa maior desenvolva as súas calidades, respectando a súa vida e valorándoo xustamente por todo aquilo que viviu e aínda merece vivir, merece realmente ser considerado como un acto revolucionario.

Nos dez primeiros anos de funcionamento da Residencia, período no que viviu alí o propio Cavanelas, o espazo recibiu apenas anciáns sen recursos. Tras a morte do fundador, a Residencia pasou a incluír tamén persoas maiores que puidesen contribuír. Sen confundir nunca a súa natureza de entidade sen fins lucrativos, a Residencia mantense, dende entón, cos recursos dos inmobles doados por Cavanelas, coas contribucións dos residentes que poden achegar algo, con axudas do Goberno Español, especialmente das súas representacións en Galicia, xa que, ao igual que o seu fundador, a maioría dos emigrantes que pasou pola Casa -ou que por esta Casa traballaron voluntariamente- ten como orixe a rexión de Galicia, e con contribucións dos gobernos brasileiros (nas esferas municipal e estatal) a través de programas de exención fiscal para entidades desta natureza.

Sen dúbida, manter un proxecto de semellante magnitude require moito esforzo, e durante os 72 anos recentemente cumpridos desta institución houbo momentos mellores e peores. O propio mundo viviu innumerables altibaixos durante os últimos 72 anos. Centrándose apenas no escenario local, en Brasil, neste período pasouse dos anos dourados ás loitas armadas no seu ambiente político; restableceuse a democracia; atravesouse unha grave recesión económica e altas taxas de desemprego; foron constantes os problemas de desigualdade social; pero, a pesar de todo, hoxe Brasil é considerado como un dos protagonistas da nova economía mundial. E ao longo de todas esas circunstancias, a Asociación do Recreo dos Anciáns estivo sempre presente, adecuándose o mellor que puido aos diferentes escenarios históricos, que indubidablemente afectaron aos modelos de traballo administrativo e financeiro de toda organización.

Hoxe, a Residencia Santiago Apóstolo conta cunha directiva elixida cada dous anos polos asociados - directiva que pode ser reelixida indefinidamente mentres conte co favor e aprecio dos asociados- e está conformada por un complexo de tres edificios de seis pisos unha capela un auditorio para cine e teatro, salas de xogos e para talleres de artesanía, comedor, xardíns, biblioteca, sala de lectura, salga de televisión e sala de ximnasia, distribuído todo nunha extensión de quince mil metros cadrados. Todo esa infraestrutura, dende logo, da indicios da diversidade de intereses que lles supoñemos aos nosos residentes na súa vida diaria, pero nada diso sería útil nin verdadeiro se xunto á infraestrutura non houberse ademais unha preocupación constante por parte dos profesionais seleccionados para desenvolver as actividades fixas e extraordinarias que ocupan cada día o tempo dos nosos residentes. A boa infraestrutura, empregada por bos profesionais, ofrece as bases para a construción dun ambiente adecuado, á altura de calquera individuo que alcanzou unha idade avanzada.

Entre os moitos servizos ofrecidos pola Residencia, destacaremos algúns:

- O coidado polo mantemento dunhas instalacións dignas.
- Unha alimentación controlada.
- Atención médica e de ambulatorio.
- Enfermaría.
- Acompañantes.
- Actividades físicas como ioga, fisioterapia ou danza.
- Actividades internas como xogos ou musicais.
- Actividades externas como excursións a locais turísticos e visitas a institucións para intercambio de experiencias.



Outra característica importante da Asociación é o perfil dos seus residentes. O seu público potencial son persoas de polo menos 60 anos, que sexan saudables e autosuficientes, pois a Residencia non adopta as funcións das clínicas xeriátricas.

É importante dicir que todo o proceso da chegada de novos residentes conta co apoio incondicional de todo o corpo de empregados, formado por 90 persoas. A atención aos residentes (dispoñible nalgúns sectores as 24 horas) conta ademais co traballo voluntario dunha Comisión Feminina (composta por dez señoras) que participa activamente na vida da Residencia, non só elaborando e realizando eventos, senón tamén escoitando e apoiando os anciáns a través de contactos persoais semanais. A entidade tamén procura manter unha estreita relación coas familias dos residentes, promovendo a súa integración no ambiente en que vai vivir o recién chegado. Ademais disto, facilítase unha profesional da área de asistencia social para axudar á adaptación do residente, de maneira que esta se produza de xeito gradual e sen traumas.

Hoxe a casa alberga 180 residentes, entre españois, brasileiros, homes e mulleres, distribuídos en 160 suites, e 36 cuartos comúns, todos individuais, que xa teñen data asignada para transformarse en suites, de maneira que todos os cuartos contarán en breve con cuarto de baño propio.

A Residencia sempre perseguíu a modernización constante da súa infraestrutura, de maneira que non houbera necesidade de reducir o número ou a calidade das actividades. Por iso mesmo, nos últimos anos, a casa ven potenciando a reforma dos seus espazos, sempre atenta a dar prioridade ás áreas máis utilizadas polos residentes. A dinámica establecida por eles no día a día convértese nunha folla de ruta que dirixe as actuacións da administración. Actualmente, a obra de maior envergadura do Recreo consiste na duplicación da área do comedor, que require toda unha transformación do espazo e do seu deseño. Cun proxecto que inclúe acabados de bo gusto, esta zona é especial pois se trata do principal espazo de interacción entre os residentes. Á hora das comidas, cinco ao día en total, os residentes interactúan máis entre si, potenciando de xeito natural o interese noutras actividades colectivas. Se consideramos que o motivo da obra é tanto estético coma operativo, podemos afirmar que a lóxica da xestión administrativa é sempre unir o útil ao agradable para o benestar dos residentes. Trátase da mesma lóxica que hai por detrás de contar cun peiteado no centro. Porque, en efecto, a Residencia conta co seu propio salón de beleza, exclusivo para os membros desta institución. E trátase, todo hai que dicilo, dun espazo bastante concorrido.

Neste mesmo sentido, outras dúas obras de modernización tamén chaman hoxe a atención na Residencia Santiago Apóstol: a recepción, lugar de chegada á casa, e a capela, que homenaxea a patroa da entidade: A nosa Señora das Dores.

Non cabe dúbida de que a recepción, como punto de partida, como primeira fase na acollida aos membros e visitantes que chegan á Residencia, ten de ser apropiada para recibir ben, e neste sentido foron planeadas as mellorías. Ao igual que as obras do comedor das que falamos antes, estas outras tamén teñen como obxectivo adaptar o espazo ás necesidades dos residentes, tornándoo ademais un lugar máis san e eficaz para os seus fins. Do mesmo xeito que o comedor e o salón de beleza, a nova e distinguida recepción, cos seus vidros que facilitan a visión dos encantadores xardíns, tamén quere demostrar ao recém chegado que a institución non aforra esforzos para ser merecedora dos seus residentes, dispoñan estes dalgunha estrutura familiar ou sexan desamparados encamiñados ao noso coidado.

Polo tanto, todas as reformas seguen a mesma lóxica, que parte do coñecemento da dinámica dos residentes no seu día a día. Unha casa sen a influencia e a marca das persoas que viven nela non é unha casa, senón que se transforma nun lugar apenas para pasar a noite, frío e distante. Algo moi diferente do que é e quere seguir sendo a Residencia Santiago Apóstol.



Achégome xa ao final da miña intervención, pero antes quería aproveitar esta oportunidade para destacar o traballo e dedicación dos empregados, e o traballo permanente das queridas irmás do Instituto das Pequenas Misioneras de María Inmaculada que viven na Residencia. Se o amparo espiritual con que confortan diariamente a todos os involucrados na casa non fose de suficiente axuda, o feito é que as irmás teñen ademais un importante papel na organización física e operativa do Recreo.

Remato retomando o asunto da reforma da Capela da Nosa Señora das Dores. Bonita, sinxela, e deseñada para abrazarnos coma se fose un manto acolledor, forma parte da nosa fachada, invitando a todos os que a ven, sexan membros da Residencia, visitantes, ou apenas simples descoñecidos que pasan, mirándoa con cariño. Esperamos que, co favor da Nosa Señora, sigamos sendo capaces de acoller os demais con boa xestión administrativa e humana.

Asociación do Recreio dos Anciaos de Rio de Janeiro. Brasil